

# Cruzar fronteiras

## BD Kike Benlloch e Diego Blanco abren unha nova colección de Polaquia

**Pinche mundo** · Kike  
Benlloch, David Blanco  
· Polaquia, 2007 · 76 páx ·  
9,50 euros



*Pinche mundo* é o suxerinte título da novela gráfica que inaugura a colección Rompehielos do selo Polaquia, colectivo de autores que se deu a coñecer coa publicación do fancine Barsowia, que actualmente vai xa pola décima entrega. A iniciativa desta nova colección vénse sumar a outras edicións do colectivo, que pretende ofrecer unha plataforma para os novos artistas galegos, e que nesta ocasión se preocupará de editar historias longas escritas en castelán para a súa distribución en todo o estado español.

Este primeiro número chega da man de Kike Benlloch como



Plana de *Pinche Mundo*. // Polaquia

guionista e Diego Blanco aos deseños e toma como punto de partida a estrutura da *road movie* vestida de viaxe interior con certo toque onírico, ao tempo que toca diversas fibras do imaxinario colectivo contemporáneo, entre

as que destaca a aproximación á tradición cultural mexicana. Non se estrañen, isto ten a súa razón de ser, pois a obra está ambientada na franxa fronteiriza entre Estados Unidos e México.

A narración arranca coa presentación de Jim Montenegro, inocente protagonista dunha historia de mafia e diñeiro fácil, metido en problemas que o levarán a emprender unha fuxida na que se pode atopar unha lectura metafísica: a reconciliación cos erros do pasado e a toma de conciencia dun mesmo. A viaxe é máis ben unha deriva chea de personaxes secundarios que aparecen, por veces, de maneira demasiado aleatoria, pero que teñen a súa función significativa para Jim e a historia. O aspecto onírico, realizado polos ambientes mexicanos, pode resultar por veces confuso na narración, así como o inesperado xiro final da trama, o que obrigará ao lector a un activo traballo de interpretación.

// **María Lado**